

# Terraza



Fran Alonso



## TERRAZA

### Desenfocar a ollada

NOELIA GÓMEZ **TEXTO**

A terraza dun bar, café, caderno e lapis. Este é o espazo físico no que transcorre *Terraza*, o novo poemario de Fran Alonso, editado por Xerais. A través dunha escrita lixeira, o poeta non só describe o espazo que o rodea, senón que entra nel: as pombas, as moscas, o tráfico da cidade, a parada de autobús, as persoas da terraza. “Escribindo poemas / sobre os que me rodean, / síntome como un axente / dos servizos de intelixencia / dun suposto / exército literario. /”. A crítica á sociedade tecnolóxica e patriarcal está presente: a muller que non cea para non engordar ou as e os adolescentes que nin se miran á cara porque non deixan os móbiles. Aínda así, “a escrita non deixa de ser / un exercicio exótico / nunha sociedade que muda / de pel e está en carne viva. /”. Os textos están acompañados de códigos QR que levan a lectora e o lector a seguir os versos de Alonso na rede, como por exemplo o libro, *Estado de Malestar*, que está a construír no Twitter. *Terraza* procura desenfocar a ollada. Esa outra realidade. “Desenfocar a ollada para nunca / máis asomar á Terraza; / a renuncia dentro / dun vaso cun código QR / diluído no café: ”.